

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SUCURSAL EN ESPAÑA DA FUNDACIÓN JAPÓN E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI, A TRAVÉS DA FILMOTECA DE GALICIA, PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA RETROSPECTIVA DO DIRECTOR XAPONÉS KIYOSHI KUROSAWA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)

DECLARA:

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais pretende formalizar coa Fundación Xapón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 23 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A organización da retrospectiva adicada ao director de cine xaponés Kiyoshi Kurosawa, a través dun ciclo que se compón de seis das súas películas máis representativas, que serán proxectadas na Filmoteca de Galicia nas datas que se indican:

- License to Live (Ningen gōkaku / ニンゲン合格, 1998). Color, 109 min. 35mm: viernes 5 de decembro a las 20:30h y martes 9 de decembro a las 18:00h.
- Serpent's Path (Hebi no michi / 蛇の道, 1998). Color. 86 minutos. 35 mm: xueves 11 de decembro a las 20:30h y viernes 12 de decembro a las 18:00h.
- Eyes of the Spider (Kumo no hitomi / 蜘蛛の瞳, 1998). Color. 84 minutos. 35mm: xueves 11 de decembro a las 18:00h y viernes 12 de decembro a las 20:30h.
- Charisma (Karisuma / カリスマ, 1999). Color, 104 min. 35mm: martes 16 de decembro a las 20:30h.
- Bright Future (Akarui mirai / アカルイミライ, 2003). Color, 115 min. 35mm: miérxoles 17 de decembro a las 18:00h.
- Barren Illusion (Ôinaru genei / 大いなる幻影, 1999). Color. 94 min. 35mm: sábado 20 de decembro a las 18:00h.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Japón, a través da súa sede en Madrid, ten como misión contribuír a un maior avance na difusión da cultura xaponesa en España, para o que leva a cabo programas de presentación da arte e da cultura xaponesas, para a difusión da súa lingua, de estudos xaponeses e de intercambio intelectual.

Pola súa parte, a Axencia Galega das Industrias Culturais ten por obxecto, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, así como estreitar a coordinación entre as administracións públicas e axentes privados con competencias na materia para incrementar a posibilidade de acadar unha maior calidade e oferta cultural, para o que conta coa Fimoteca de Galicia, unidade encargada da difusión do patrimonio audiovisual.

A Fundación Japón e a Agadic, a través da Fimoteca de Galicia, teñen un interese común en organizar unha retrospectiva adicada ao director de cine xaponés Kiyoshi Kurosawa, un dos grandes cineastas xaponeses en activo, para o que está prevista a proxección dun ciclo das súas películas máis representativas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela.

